

## Para quen é a inmunización pasiva?

- **Nenos/as nados/as durante a tempada de vacinación** (do 22 de setembro de 2025 ao 31 de marzo de 2026). Recibirán a **inmunización no hospital** tras o nacemento.
- **Nenos/as nados/as antes da tempada** (dende o 1 de abril de 2025). **Serán citados** a partir do 29 de setembro.
- **Prematuros/as e lactantes con alto risco de enfermidade grave por VRS.** Serán citados/as ao comezo da campaña.

## Como se administra?

A administración será no músculo da **zona anterolateral da coxa**, igual ca outras vacinas infantís.



## PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN



<https://www.sergas.gal/Saude-publica/PGV>

## Anticorpo fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS)

Campaña 2025/26

PREVIR A ENFERMIDADE GRAVE E A HOSPITALIZACIÓN





## Que é o virus respiratorio sincitial (VRS)?

É un virus **estacional moi contaxioso** que infecta case todos os e ás lactantes nos dous primeiros anos de vida.

É unha das **principais causas de bronquiolite e pneumonía** en lactantes e nenos/as pequenos/as.

Ademais, é a **principal causa de hospitalización durante o primeiro ano de vida**.

## Cal é o período de circulación do VRS?

Adoita circular dende o **outono ata a primavera** (de outubro a marzo).

## Como se transmite?

A través das **secrecións orais ou nasais**:

- De persoa a persoa ao tusir ou esbirrar.
- Tamén por contacto con superficies contaminadas.

## Que síntomas presenta?

Os síntomas leves son moi similares **aos dun arrefriado** (conxestión, tose, diminución do apetito etc.).

Porén, os síntomas poden progresar e requirir atención sanitaria.

## Existe un tratamento específico?

Na actualidade non existe un tratamento concreto para o VRS.

**O tratamento vai dirixido a aliviar os síntomas.** Por este motivo, **é fundamental a prevención.**

## En que consiste a prevención do VRS?

### Medidas hixiénicas

- Lavado de mans.
- Lavado frecuente de xoguetes, roupa de cama, superficies, etc.

- Reducir visitas, bicos e abrazos aos e ás lactantes.

### Inmunización pasiva

Dende 2023, a Dirección Xeral de Saúde Pública incorporou, no **Calendario de inmunización ao longo de toda a vida**, un anticorpo (nirsevimab) que consegue **protexer o/a lactante de forma efectiva dende a súa administración.**

Nas campañas anteriores, a administración de nirsevimab reduciu un 90% os ingresos por VRS.

Ao tratarse dun anticorpo, a protección é inmediata, a diferenza das vacinas.

